

O INSTITUTO DE ESTUDOS CHAIREGOS ORGANIZA OS ACTOS DA CULTURA CHAIREGA'2026 HOMENAXE A MANUEL MARÍA NO XXII CABODANO

-DOMINGO 6-09-2026 – ÁS 12:30 HORAS

NO ESPAZO MANUEL MARÍA (Entrada de balde)
OFRENDA FLORA E RECITADO A CARÓN DA SÚA ESCULTURA
APARTADO MUSICAL: **CARLOS GÓMEZ OSA**

-SÁBADO 12-09-2026 – ÁS 20:00 HORAS

NO AUDITORIO MUNICIPAL DE VILALBA (Entrada de balde. Reserva de localidade en entradasvilalba.es)
CONCERTO A CARGO DO GRUPO: **CATRO NUN ZOCO**



Coma todos os anos por estas datas, o Instituto de Estudos Chairegos, coa colaboración do Concello de Vilalba, organiza os **ACTOS DA CULTURA CHAIREGA-2026**, en homenaxe a **MANUEL MARÍA**, coincidindo neste ano co seu **XXII CABODANO**.

PROGRAMA

• DOMINGO 6 DE SETEMBRO DE 2026 – ÁS 12:30 HORAS

NO ESPAZO MANUEL MARÍA (Entrada de balde)

Terá lugar unha **ofrenda floral** ao pé da súa escultura, así como un **recital poético popular**, aberto a toda a xente que queira participar con poesías, cancións ou calquera outro texto relacionado co gran poeta chairego.

O apartado musical correrá a cargo de **CARLOS GÓMEZ OSA**.

• SÁBADO 12 DE SETEMBRO DE 2026 – ÁS 20:00 HORAS

NO AUDITORIO MUNICIPAL (Entrada de balde. Haberá que facer a correspondente de localidade en entradasvilalba.es)

Terá lugar o concerto de **CATRO NUN ZOCO**.

Catro nun zoco.- “**Catro nun zoco** é un proxecto musical galego liderado polo coñecido cantautor e profesor Xosé Luís Rivas Cruz, “Mini” (exmembro de *Fuxan os Ventos* e *A Quenlla*).

O grupo está formado por catro integrantes que mesturan voces, guitarras e violíns para interpretar música de raíz, poesía e cantos tradicionais:

- **Mini Rivas:** Voz e guitarra.
- **Mariña Quintillán:** Voz e instrumentos de corda.
- **Iria Rivas:** Voz e corda.
- **Navia Rivas:** Voz e corda.

Traxectoria

O proxecto naceu para continuar coa labor de divulgación da cultura, a lingua e a música tradicional galega en directo.